



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 25 de xuño de 2025, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo

CONCELLEIROS/AS AUSENTES

Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Expediente 2025/G006/000049. Adxudicación do contrato da limpeza viaria

O alcalde dá conta da proposta, que di:

“O Concello de Ponteceso necesita contratar este servizo de limpeza viaria, ó non dispoñer de suficiente persoal, nin ter a suficiente experiencia ou a categoría profesional de limpador/a, ademais de non dispoñer da maquinaria e outros medios mecánicos necesarios, considerándose imprescindible a contratación do mencionado servizo cunha adecuada continuidade das condicións de limpeza, polo que, tendo en conta os principios de economía e eficacia e eficiencia que deben presidir a actuación das Administracións Públicas (art 103 CE), acóllese á fórmula prevista na Lei 9/2017 de 8 novembro para os contratos de servizos. É por iso que resulta necesario acudir á contratación externa.

O 19/12/2024 o técnico de Medio Ambiente, asina o informe de necesidade para prestar este servizo mínimo obrigatorio, como é a limpeza viaria, polo que se precisa a contratación do servizo cunha empresa suficientemente capacitada, ó carecer o concello de persoal e medios mecánicos necesarios.

O 16/04/2024 emítise o informe de insuficiencia de medios e da necesidade pola traballadora social, sendo o obxecto do contrato a prestación do servizo de axuda no fogar no uso das competencias municipais que establece a Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Galicia e o Decreto 99/2012 de 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O 14/01/2025 o alcalde asina a providencia correspondente iniciando o expediente de contratación.

O 21/01/2025 o alcalde asina a memoria xustificativa da contratación do servizo reservado a centros especiais de emprego e de iniciativa social, xustificando a elección do procedemento empregado, mediante un aberto, fixando varios criterios de adxudicación basados no principio de mellor relación calidade-prezo, de acordo co que dispoñen os artigos 131, 156 e seguintes da Lei de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014.

O orzamento base de licitación, que opera como límite máximo do gasto, conforme ó establecido no artigo 100 LCSP, é de 217.336,77 € (IVE engadido), para os 2 anos de duración de contrato (non incluídas as prórrogas).

Consta a existencia de crédito para a anualidade 2025 mediante o certificado de Intervención asinado o 21/01/2025.

O 10/02/2025, o técnico de Medio Ambiente, asina o prego de prescricións técnicas (PPT), modificado posteriormente o 05/03/2025.

O 18/02/2025, o alcalde asina o prego de condicións administrativas particulares (PCAP), modificado posteriormente o 05/03/2025, o cal determina entre outros aspectos, a competencia, dado que o valor estimado do contrato ascende a 395.157,76 € máis 39.515,76 € de IVE, non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento para o ano 2025 (10% 6.313.000 €), polo que a competencia corresponde a Alcaldía, delegada na Xunta de Goberno Local, por Resolución 734/2023. A duración do contrato será de 2 anos, coa posibilidade de 2 prórrogas máis de 1 ano cada unha, e a súa tramitación levarase a cabo mediante o procedemento aberto (art. 156 LCSP), tramitación ordinaria, e suxeita a regulación harmonizada.

Rematados os trámites previstos na LCSP someteuse ó informe preceptivo da Secretaría, emitido na data 18/02/2025 en sentido favorable.

O 18/02/2025 a Intervención municipal emite a fiscalización previa do expediente en sentido favorable.

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local do día 07/03/2025 polo que se aproba o expediente de contratación.

Constan os documentos xustificativos da súa tramitación electrónica e publicidade por medio da Plataforma de Contratación do Sector Público e a través do DOUE, así como as actas das reunións celebradas pola mesa de contratación e da súa proposta de adxudicación acordada na reunión de data 22/04/2025 a favor da oferta considerada con mellor relación calidade-prezo, que corresponde coa proposta presentada pola empresa MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, SLU:

1.- Oferta económica:

Prezo sen IVE anual: 93.888,00 €



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Imposto sobre o valor engadido (IVE 10%): 9.388,80 €

TOTAL (A+B): 103.276,80 €

2.- Número de horas de traballo anuais extra: 50 horas anuais

3.- Reposición de papeleiras: 12 unidades anuais

4.- Redución pegada de carbono: non presenta

Constan as actas da Mesa de Contratación que tiveron lugar o 16/05/2025 e 30/05/2025, nas que se cualificou a documentación presentada pola proposta como adxudicataria, acordando darlle a súa conformidade por considerala completa e xustificativa dos requisitos previos, de dispoñer efectivamente dos medios ós que se comprometerá a adicar ou adscribir á execución do contrato, así como da acreditación da solvencia técnica e económica, certificado de figurar inscrita no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e o certificado de estar inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Logo de ver o informe de fiscalización favorable do expediente previo á adxudicación do contrato, asinado pola interventora o 09/06/2025.

A competencia para a adxudicación do expediente, dado que o valor estimado do contrato ascende a 395.157,76 € máis 39.515,76 € de IVE, non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento para o ano 2025 (10% 6.313.000 €), polo que a competencia corresponde á Alcaldía, delegada na Xunta de Goberno Local, por Resolución 734/2023.

Por todo o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado: SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE PONTECESO, EXPEDIENTE: 2024/C004/000007>>, á empresa que alcanzou a maior puntuación nos criterios de adxudicación, que se corresponde coa oferta presentada por MÁZ PORVIR XESTIÓN SOCIAL, SLU, no prezo de 375.552,00 € euros, máis 37.555,20 € de IVE, totalizando 413.107,20 €, cun prazo de execución de 2 anos prorrogables a outros 2, sendo a duración máxima de 4 anos, e demais condicións da súa oferta, ó ser considerada a de mellor relación calidade-prezo:

1.- Oferta económica:

Prezo sen IVE anual: 93.888,00 €

Imposto sobre o valor engadido (IVE 10%): 9.388,80 €

TOTAL (A+B): 103.276,80 €

2.- Número de horas de traballo anuais extra: 50 horas anuais

3.- Reposición de papeleiras: 12 unidades anuais



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

4.- Redución pegada de carbono: non presenta

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2025.163.227.99.

Terceiro.- Nomear como responsable do contrato ó técnico de Medio Ambiente, Iago Montes Martínez, de acordo coa cláusula 21.2 do PCA, e advertirlle, segundo establece o artigo 62.1 da LCSP, da súa obriga de supervisar a execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, tendo en conta especialmente as condicións especiais de execución á que se refire a dita cláusula, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Notificar o acordo ó responsable do contrato, empresas licitadoras e adxudicataria, e dado que este contrato é suceptible do recurso especial en material de contratación, regulado no artigo 44 da LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles dende que se lles remita a notificación da adxudicación ás empresas licitadoras e adxudicataria. Unha vez transcorridos os 15 días hábiles sen que se interpoña o dito recurso que leve aparelado a suspensión da formalización do contrato, a adxudicataria deberá comparecer no Concello para a sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa, nun prazo non superior a 5 días hábiles dende o remate do prazo anterior.

Quinto.- Publicar o acordo de adxudicación nun prazo non superior a quince días tras o seu perfeccionamento, no perfil do contratante do órgano de contratación, consonte ao art. 154.1 da LCSP.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Sétimo.- Dar conta deste acordo ó Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.

Ponteceso, na data da sinatura dixital/ O alcalde/ José Manuel Mato Martínez”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproba a proposta por unidade de votos a favor.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 11:15 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.